# B de Bases

1 Poderán participar nestra mostra tódolos artistas da Comunidade Autónoma de Galicia, naturáis ou residentes.

A idade dos participantes estará comprendida **entre 18 e 35 anos.**

2 Poderase concorrer nas modalidades de pintura, fotografía e escultura, atendendo ás seguintes bases:

PINTURA:
Poderá presentarse un máximo de un cadro convenientemente montado con marco ou listón.
O formato non excederá dos 150cm no seu lado maior

FOTOGRAFÍA:
Poderán presentarse un máximo de dúas fotografías . Éstas virán enmarcadas (pinzas non) , e o tamaño do marco non excederá os 60cm no seu lado maior.

ESCULTURA:
Poderá presentarse un máximo dunha peza cun tamaño que, sen peana, non exceda dos 100cm de altura.

O Concello de Pontedeume convoca a 19ª **Mostra Artxove,** destinada ó espallamento e potenciación das artes plásticas de acordo coas presentes bases:

3 As obras deberán ser orixinais , con tema e técnicas libres.

4 No dorso ou pé das pezas deberán figurar os datos do autor (nome, apelidos, enderezo e teléfono) e o título da obra.

5 O Concello de Pontedeume elaborará un **CATÁLOGO:**

Para os efectos da elaboración, xuntarase a documentaición que a seguir se indica:

-Ficha técnica da obra (título, medidas alto por ancho e técnica empregada).

-Fotografía da obra indicando a súa posición, cun tamaño de 10 x 15cm e mínimo 150ppp de resolución.

-No caso da modalidade de fotografía, o artista indicará cal é a que desexa que figure no catálogo.

6 As obras deberán vir acompañadas dun breve currículo do autor e fotocopia do D.N.I

7 As obras deberán entregarse na Biblioteca Municipal de Pontedeume.

8 As obras poderán ser retiradas do **7 de maio ao 30 de maio**, no mesmo lugar de entrega e no mesmo horario e días indicados no apartado.

9 O comité organizador porá todo o coidado no traslado, manipulación e exposición das obras, pero non se responsabiliza de calquera dano ou perda producidos por causa allea á súa vontade.

10 Ante calquer imprevisto, o comité organizador está capacitado para resolver calquer atranco que impida o desenvolvemento do certame.

11 A participación nestra mostra supón a total aceptación destas bases.

## DATA E ENTREGA DAS OBRAS E DOCUMENTACIÓN

As obras e a documentación para a elaboración do catálogo deberán ser **enviadas antes do:**

VENRES 21 de FEBREIRO

Para máis información, poñerse en contacto coa:

**Biblioteca Municipal de Pontedeume:**

Rúa Cocueiro Freijomil, 5
15.600 Pontedeume (A Coruña).

16:30h. / 20:30h.
De Luns a Venres.

981 43 25 98

CONCELLO DE PONTEDEUME

**Deputación** DA CORUÑA

Leticia Gómez Aguado ( Loquevengosiendoyo@blogspot.com )